

3º concurso "Boca_2 de realidade"



A Biblioteca Uxío Novoneyra do CIFP Ánxel-Casal Monte Alto convoca o seu 3º concurso "Boca_2 de realidade": unha ocasión para deixarnos coa boca aberta en 60 segundos ou con 140 caracteres.

Se tes unha causa social, educativa, cultural, laboral ou sanitaria que defender... este é o teu concurso!!!

Achéganos a túa campaña de sensibilización a través dun vídeo ou dunha fotografía co seu "pé de imaxe", e pon a proba a túa capacidade para amosarnos outras realidades...

1ª- Poderán participar todas as persoas pertencentes á comunidade educativa do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto no presente curso 2017-18.

2ª- A participación poderá ter carácter individual ou grupal. Cada persoa ou grupo só poderá presentar un único traballo ó concurso.



3ª- A duración dos vídeos non poderá ser superior ós 60 segundos.

4ª- A fotografía virá acompañada por un "pé de imaxe", o texto do mesmo non poderá superar os 140 caracteres.

5ª- En calquera das dúas modalidades as imaxes e os sons utilizados deberán estar libres de dereitos de autor, e acompañaranse das autorizacións para uso de imaxes que correspondan (modelo de autorización en bibliocifpanxelcasal.blogspot.com.es)

6ª- Os vídeos e as fotografías serán orixinais. A responsabilidade ante calquera reclamación relativa a dereitos recaerá sobre a persoa que os presenta.

7ª- Os traballos serán enviados ó E-mail da Biblioteca Uxío Novoneyra do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto (biblioteca.cifpanxelcasal@gmail.com) indicando no asunto "Concurso Boca_2 de realidade".

O prazo de envío permanecerá aberto ata o 19 de marzo ás 14:00 p.m.

8ª- Haberá 3 premios: **un primeiro premio de 300 € e dous premios de 150 € cada un.** Os premios poderán recaer en traballos de calquera das dúas modalidades: - vídeo- foto con "pé de imaxe". O importe do premio recibirase nunha tarxeta **regalo canxeable no Corte Inglés de A coruña.**

As persoas premiadas comprométese a facer uso da tarxeta regalo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do fallo do xurado; no mesmo prazo, comprométese a facer entrega do xustificante de compra á coordinadora da biblioteca para facilitar a comprobación dos gastos realizados e as xestións de facturación precisas. En ningún caso no importe do xustificante de compra poderá figurar unha cantidade superior ó premio otorgado.

9ª - O xurado estará formado por: un membro do equipo directivo do noso centro, un membro do equipo de biblioteca, un profesor/a, un alumno/a e un membro do persoal non docente.

10ª- O fallo será inapelable, darase a coñecer o día 17 de marzo no blogue e no twitter da biblioteca e a través de E-mail ás persoas gañadoras. O xurado poderá declarar desertos os premios se o considera oportuno.

11ª- Tanto os vídeos como as fotos e os seus "pés de imaxe" serán valorados segundo os criterios seguintes:

- * vinculación coa sensibilización en dereitos sociais, educativos, culturais, laborais ou sanitarios.
- * Capacidade para facer chegar a súa causa ós seus destinatarios.
- * Orixinalidade.
- * Calidade.

12ª- Tanto os vídeos como as fotografías e os seus "Pés de imaxe" pasarán a ser propiedade da Biblioteca Uxío Novoneyra que fará un uso educativo non comercial dos mesmos, con indicación expresa dos datos de autor/a.



A participación neste concurso implica a aceptación total das bases.